



FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTIÑO: MEMORIA ABREVIADA DO EXERCICIO 2024

ÍNDICE

- 1. Actividade da entidade.**
- 2. Bases de presentación das contas anuais.**
- 3. Aplicación de resultados.**
- 4. Normas de rexistro e valoración.**
- 5. Inmobilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias.**
- 6. Activos financeiros.**
- 7. Pasivos financeiros.**
- 8. Fondos propios.**
- 9. Situación fiscal.**
- 10. Ingresos e gastos.**
- 11. Subvencións, doazóns e legados.**
- 12. Operacións con partes vinculadas.**
- 13. Outra información.**
- 14. Información sobre a liquidación do presuposto.**
- 15. Acontecementos Posteriores ó peche**
- 16. Liquidación do orzamento.**
- 17. Estado de cambios do Patrimonio neto**
- 18. Información sobre os adiantamentos de pagos efectuados a provedores segundo a disposición adicional terceira (deber de información) da Lei 15/2010 de 5 de Xullo.**

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



1.- ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

A entidade FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING con C.I.F. G-15.141.328, é unha entidade privada con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, constituída de acordo co decreto da Xunta de Galicia 228/1994 do 14 de Xullo, regulado pola orde 28-7-1995 de Consellería de Presidencia e Administración Pública.

Esta federación está integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e árbitros adicados ó fomento e á práctica da Pesca Deportiva nas súas diversas especialidades, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entidade ten o seu domicilio social na Praza de Agustín Díaz nº1, Complexo deportivo de Elviña (Local 5) , 15008 (A Coruña).

O obxecto social é promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas Administracións Públicas, todo o referente á pesca, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia. Destacan as seguintes funcións:

- Promocionar e divulgar a PESCA E CASTING en tódalas súas facetas.
- Canalizar ós deportistas na práctica do deporte mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.
- Apoiar técnica e administrativamente a práctica deste deporte.

A moeda funcional coa que opera a entidade é o euro. Para formular os estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4, Normas e rexistro de valoración.

2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

2.1. Imaxe fiel.

As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables da FEDERACION GALEGA DE PESCA E CASTING aplicando en todos eles as disposicións legais vixentes en materia contable con obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade. En elas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real decreto 602/2016 de 2 de decembro que

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



modifica o Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemex, pola orde de 2 de febreiro de 1994 pola que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás Federacións Deportivas en todo o que non se opoña ao RD 602/2016 e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaran as disposicións legais en materia contable

2.2. Principios contables.

A entidade aplica os principios contables habituais e obrigatorios.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

A federación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos do valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

2.4. Comparación da información.

A entidade presenta as súas contas anuais para este exercicio, con cifras comparativas do exercicio 2023.

2.5. Agrupación de partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, na conta de perdas e ganancias, ou no estado de cambios no patrimonio neto.

2.6. Elementos recollidos en varias partidas.

Non existen elementos que figuren en máis de unha partida de balance.

2.7. Cambios en criterios contables.

Non se realizaron no exercicio axustes nas contas anuais do exercicio por cambios de criterios contables.

2.8. Corrección de erros.

Non se producen axustes nas cifras comparativas.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoreiro
--------------------------------------	-----------------------------------



3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS.

A Xunta Directiva propondrá a Asemblea Xeral a aprobación da distribución de resultados que se indica a continuación:

BASE DE REPARTO	2024	2023
Perdas e Ganancias	141,07	2.302,20
Aplicación		
A reservas voluntarias	141,07	2.302,20
Resultados negativos de exerc. Anteriores		

4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Os criterios contables aplicados coas diferentes partidas son as seguintes:

A). Inmobilizado intanxible.

Os activos desta natureza se rexistran polo seu custo de adquisición e posteriormente valóranse polo seu custo menor, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e/ou perdas por deterioro que experimenten.

As porcentaxes de amortización aplicadas ás distintas contas son:

- Aplicacións informáticas25%

B). Inmobilizado material:

Os bens comprendidos no inmobilizado material están valorados ao seu prezo de adquisición. Inclúense gastos financeiros no custo para aqueles inmobilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de funcionamento. O custo das reparacións e gastos de mantemento son cargados directamente á conta de Perdas e Ganancias. Non houbo, neste exercicio, ningunha mellora que dese lugar a unha maior duración dos bens de activo, nese caso houbéranse capitalizado.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



Tampouco se utiliza o criterio de activar os bens por unha cantidade fixa senón que se fai en función da natureza e duración esperada do ben sen atender á importancia da súa contía.

As amortizacións fanse todas polo método lineal atendendo á vida útil dos bens e aplicáronse por grupo de elementos homoxéneos.

Non foi necesaria a dotación de provisións para axustar as valoracións dos distintos elementos do Inmobilizado Material.

As porcentaxes de amortización aplicados ás distintas contas son:

- Equipos para procesos de información.....25%
- Mobiliario10%
- Outro inmovilizado material.....25%

C) Activos financeiros:

Os activos financeiros recoñécense en Balance cando se converta nunha parte obrigada do contrato ou negocio xurídico conforme ás disposicións do mesmo. Son activos financeiros: Tesourería; créditos por operacións comerciais (clientes e debedores); créditos a terceiros; valores representativos de débeda doutras empresas (accións, bonos, etc.); anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, etc.

Os activos clasifícanse, a efectos de valoración nalgunhas das seguintes partidas:

1.-Activos financeiros a custo amortizado. Valóranse inicialmente polo custo, que equivalería ao valor razoable da contraprestación entregada mais os custos de transacción directamente atribuíbles; no obstante estes últimos poderán rexistrarse directamente na conta de Perdas e ganancias. Posteriormente valóranse polo seu custo amortizado, os intereses devengados se contabilizan en perdas e ganancias ao tipo de interese efectivo.

No obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano séguense valorando ao seu nominal inicial. Á pechadura do exercicio e sempre que existan evidencias obxectivas de que un activo desta natureza se deteriore, recoñécese contablemente devandita perda.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



2.-Activos financeiros mantidos para negociar. Valóranse inicialmente polo custo que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada. Os custos de transacción van directamente á conta de Perdas e Ganancias. Posteriormente valóranse polo seu valor razoable. Os cambios que se producen neste valor van a Perdas e ganancias.

3.-Activos financeiros a custo. Son investimentos no patrimonio de empresas do Grupo, multigrupo ou asociadas, que se valoraría en todo caso sempre a custo.

D) Pasivos financeiros:

Os pasivos financeiros recoñécense en Balance cando supoñen para a entidade unha obrigaón contractual, directa ou indirecta, de entregar efectivo ou outro activo financeiro.

Son pasivos financeiros: Débedas por operacións comerciais (provedores e acredores); débedas con entidades de crédito, débedas con terceiros tales como préstamos recibidos de persoas ou xurídicas que non sexan entidades de crédito, fianzas e depósitos recibidos, etc.

Aos efectos da súa valoración clasifícanse en dúas categorías:

1.- **Pasivos financeiros a custo amortizado.**

2.- **Pasivos financeiros mantidos para negociar.**

En ambos casos a valoración inicial e posterior faise de igual forma que as definidas para os activos deste tipo.

E). Existencias.

Dada a actividade realizada pola Federación, esta non necesita dispoñer de ningún stock, non existindo tampouco material de oficina ou deportivo que pola súa importancia cuantitativa deba figurar neste capítulo.

F) Imposto sobre beneficios:

O gasto por imposto corrente determínase, para aquelas actividades suxeitas e non exentas desenvolvidas pola Federación, mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



O gasto por imposto corrente determínase aplicando o gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan na diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ó que se espera recuperalos ou liquidalos. Non obstante, as bases impositivas negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente non se contabilizan ata o momento que resultan efectivos. Estes importes rexístranse aplicándolle á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense activos por imposto diferido cando, atendendo ao principio de prudencia, resulte probable a súa aplicación futura por dispoñer de ganancias fiscais suficientes. En cada peche contable revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, de acordo cos resultados dos análises realizados.

G) Ingresos e gastos:

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo que ven a coincidir de maneira substancial e no cómputo anual co resultado que se obtería se se aplicase o criterio de Caixa.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Non obstante, a entidade inclúe os intereses incorporados ós créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de interese contractual, dado que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

H) Provisións e continxencias:

As obrigas existentes na data do balance de situación nacidas como consecuencia de sucesos pasados do que poidan derivarse prexuízos patrimoniais para a entidade, cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoreiro
--------------------------------------	-----------------------------------



estima que a entidade terá que desembolsar para cancelar a obriga.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, non supón unha minoración do importe da débeda, sen prexuízo do recoñecemento no activo da entidade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexistrándose dito activo por importe non superior da obriga rexistrada contablemente.

I) Subvencións:

As subvencións de capital non reintegrables valóranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ó patrimonio neto e impútanse a resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados por ditas subvencións, salvo que se trate de activos non depreciables en cuxo caso, imputaranse ó resultado do exercicio no que se produza o alleamento ou baixa no inventario dos mesmos. Mentres teñen o carácter de subvencións reintegrables contabilízanse como débedas a longo prazo transformables en subvencións.

Cando as subvencións se conceden para financiar gastos específicos impútanse como ingresos no exercicio no que se devenguen os gastos que están financiando.

As subvencións que a entidade percibe para contribuír ao sostemento da actividade van directamente aos resultados do exercicio.

J) Transaccións entre partes vinculadas:

No suposto de existir se contabilizarían de acordo coas normas xerais.

5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓNS INMOBILIARIAS.

Inmobilizado intanxible:

O detalle de movementos deste exercicio e do anterior é o seguinte:

ANO 2024	C U S T O			
	SALDO INICIAL	ADICIÓN S	RETIROS	SALDO FINAL
Aplicacións informáticas	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80
TOTAL	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

ANO 2024 AMORTIZACIÓN ACUMULADA				
	SALDO INICIAL	DOTACIÓNS	BAIXAS	SALDO FINAL
Aplicacións informáticas	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80
TOTAL	7.744,80	0,00	0,00	7.477,80
SALDO FINAL NETO	0,00			0,00

ANO 2023 C U S T O				
	SALDO INICIAL	ADICIÓNNS	RETIROS	SALDO FINAL
Aplicacións informáticas	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80
TOTAL	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80

ANO 2023 AMORTIZACIÓN ACUMULADA				
	SALDO INICIAL	DOTACIÓNS	BAIXAS	SALDO FINAL
Aplicacións informáticas	7.477,80	0,00	0,00	7.477,80
TOTAL	7.744,80	0,00	0,00	7.477,80
SALDO FINAL NETO	0,00			0,00

No exercicio actual non se producen altas.

Inmobilizado material.

Detalle de movementos deste exercicio e do anterior é o seguinte:

ANO 2024 C U S T O				
	SALDO INICIAL	ADICIÓNNS	RETIROS	SALDO FINAL
Mobiliario	3.267,00	0,00	0,00	3.267,00
Equipos para procesos de información	21.602,23	0,00	0,00	21.602,23
Outro inmovilizado material	3.746,24	0,00	0,00	3.746,24
TOTAL	28.615,47	0,00	0,00	28.615,47

ANO 2024 AMORTIZACIÓN ACUMULADA				
	SALDO INICIAL	DOTACIÓNS	BAIXAS	SALDO FINAL
Mobiliario	2.940,30	326,70	0,00	3.267,00
Equipos para procesos de información	21.433,96	142,50	0,00	21.576,46
Outro inmovilizado material	3.299,91	268,39	0,00	3.568,30
TOTAL	27.674,17	737,59	0,00	28.411,76

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

ANO 2023				
C U S T O				
	SALDO INICIAL	ADICIÓN	RETIROS	SALDO FINAL
Mobiliario	3.267,00	0,00	0,00	3.267,00
Equipos para procesos de información	21.602,23	0,00	0,00	21.602,23
Outro inmovilizado material	3.746,24	0,00	0,00	3.746,24
TOTAL	28.615,47	0,00	0,00	28.615,47

ANO 2023				
AMORTIZACIÓN ACUMULADA				
	SALDO INICIAL	DOTACIÓN	BAIXAS	SALDO FINAL
Mobiliario	2.613,60	326,70	0,00	2.940,30
Equipos para procesos de información	21.291,46	142,50	0,00	21.433,96
Outro inmovilizado material	3.031,52	268,39	0,00	3.299,91
TOTAL	26.956,58	737,59	0,00	27.674,17

Inversións inmobiliarias.

A Federación non conta con inversións que puidesen ser consideradas inmobiliarias.

6.- ACTIVOS FINANCIEROS.

O detalle dos activos financeiros a curto prazo é o que segue:

CONCEPTO	EX. 2023	EX. 2024
Debedores diversos	0,00	0,00
Periodificacións a curto prazo	0,00	0,00
Conta corrente con clubes	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00

7. PASIVOS FINANCIEROS.

A composición por categorías dos pasivos financeiros a 31 de decembro é a seguinte:

CONCEPTO	EX. 2023	EX. 2024
Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00
Débedas a curto prazo	0,00	0,00
Periodificacións a curto prazo	0,00	0,00
Outras débedas	82,50	7,50
TOTAL	82,50	7,50

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



Non existe ningún tipo de débeda con garantía real.

Non hai débedas con entidades financeiras no exercicio 2023 nin no 2024.

8.- FONDOS PROPIOS.

Os Fondos propios a 31 de decembro, están composto polas seguintes partidas:

	EX. 2023	EX. 2024
Fondos Social	68.369,83	68.369,83
Excedentes de exercicios anteriores	41.327,31	43.629,51
Resultados de exercicios anteriores	-26.267,24	-26.267,24
Perdas e ganancias	2.302,20	141,07
TOTAIS	85.732,10	85.873,17

9.- SITUACION FISCAL.

Dado o carácter de entidade exenta do Imposto de Sociedades non existe gasto por este concepto. En xeral, os resultados obtidos nos estados financeiros da Federación, gozan de exención ó tratarse de unha entidade asociativa privada de utilidade pública, sen ánimo de lucro, e consecuentemente resúltalle de aplicación o réxime fiscal especial regulado no Título II da Lei 49/2002 de 27 de decembro de Reforma Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ó mecenado.

Á Federación non lle consta a existencia de continxencias en relación con calquera dos tributos dos que é contribuínte, sen prexuízo de que ten pendente de comprobación os catro últimos exercicios.

A Federación é suxeito pasivo polas retencións efectuadas ás rendas satisfeitas ós seus colaboradores e demais profesionais.

Así mesmo pola natureza da súa actividade a Federación está exenta de IVA, e polo tanto o IVA soportado non é deducible, non tendo que realizar declaracións por dito imposto.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



10.- INGRESOS E GASTOS.

A continuación ofrecemos un desglose polo miúdo dalgúns partidas da conta de perdas e ganancias.

A) O desglose dos ingresos por natureza (esixencia Lei 49/2002 e Rgto.1270/2003):

Conta	Concepto	EX 2023	EX 2024
705	INGRESOS LICENCIAS	65.860,00	68.910,00
705	INGRESOS CANON CLUBES	12.925,00	10.400,00
705	INGRSOS INSCRIPCIÓN CAMPIONATOS	40.427,30	42.682,75
705	INGRESOS EQUIPACIÓNS	2.520,00	450,00
740	INGRESOS SUBVENCIONES	45.430,00	50.525,00
	TOTAL	167.162,30	172.967,75

B) Desglose de gastos por natureza (esixencia Lei 49/2002 e Rgto 1270/2003):

Todos os gastos corresponden á única actividade propia da Federación.

Conta	Descrición	Exercicio 2023	Exercicio 2024
600	Compras	15.856,16	16.746,48
621	Arrendamentos e Canons	0,00	282,01
622	Reparacións e Conservación	1.915,00	110,50
623	Servizos Profesionais Independentes	11.484,15	11.522,94
624	Transportes	0,00	0,00
625	Primas de Seguros	12.544,60	13.556,49
626	Servizos bancario y similares	166,32	156,25
627	Publicidade e Propaganda	1.199,84	2.842,65
628	Suministros	0,00	0,00
629	Gastos de manutención e estadía	23.848,53	33.831,65
629	Vestuario equipos	0,00	0,00
629	Gastos torneos, dereitos de inscrición	48.347,50	46.550,00
629	Axudas colaboración en campionatos	0,00	0,00
629	Gastos de licencias	0,00	0,00

D. Manuel Mouzo Méndez
Presidente

D. Ramón Souto Pérez
Tesoureiro



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTIÑO

629	Material de oficina	1.142,97	640,79
629	Material deportivo	8.739,01	8.915,85
629	Comunicación	858,77	988,74
629	Patrons embarcacións	0,00	0,00
629	Gastos Desprazamento	27.754,67	27.149,26
629	Gastos varios	1.176,08	749,28
631	Tributos	588,91	496,20
655	Axudas a Deportistas	8.500,00	7.550,00
650	Axudas a clubs	0,00	0,00
650	Gastos embarcacións	0,00	0,00
681	Amortizacións e outros	737,59	737,59
TOTAL		164.860,10	172.826,68

A Federación non ten ningún tipo de persoal laboral contratado.

Ingresos e gastos por proxectos ou actividades

Todos os ingresos, gastos e investimentos realizados no exercicio económico actual corresponden á única actividade que realiza a Federación, que é a de cumprir unicamente cos seus fins deportivos de carácter non lucrativo.

Requisitos das entidades deportivas

- A súa actividade persegue fins de interese xeral que son de carácter deportivo.
- Para a realización dos seus fins destina o 100% de todas as súas rendas e ingresos.
- Non realiza actividades que poidan considerarse explotacións económicas non exentas.
- Os membros da Xunta directiva non perciben retribucións polo desempeño do seu cargo.
- A Federación non participa en ningunha outra entidade.
- A Federación non realizou ningún convenio empresarial de colaboración no exercicio actual.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



11.- SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS.

A entidade non ten subvencións de capital e as percibidas de explotación son como seguen:

Entidade concedinte	Importe Subvención	Ano	Subvención explotación	Subvención de capital
Xunta de Galicia Presidencia Secretaria Xeral para o Deporte	17.025,00€	2024	17.025,00€	0,00
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	30.000,00	2024	30.000,00	0,00
Deputación Provincial da Coruña	3.500,00	2024	3.500,00	0,00
TOTAL	50.525,00		50.525,00	0,00

12.- OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

A Federación non realizou operacións vinculadas durante o exercicio actual nin no precedente.

13.- OUTRA INFORMACIÓN.

Os membros da Xunta Directiva da Federación non perciben soldo algún polos servizos que prestan á Federación, non obstante existen gastos de desprazamento dos membros da Xunta Directiva que ascenderon a **4.922,55€** euros no presente exercicio, repartidos entre os seguintes directivos:

- Presidente: 2.273,28 €
- Tesoureiro: 1.026,73 €
- Secretario: 120,60 €
- Delegado A Coruña: 999,90 €
- Presidente Corcheo-Mar: 39,00 €
- Presidente Mar-Costa: 241,02 €
- Vicepresidente 1º: 222,02 €

No exercicio anterior este tipo de gastos ascenderon a 3.806,89 €.

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



A 31 de decembro non existen préstamos, anticipos nin obrigacións contraídas en materia de pensións e seguros de vida respecto dos membros da Xunta Directiva.

Non se comprometeron garantías con terceiros (avales, etc) nin outros pasivos contingentes.

14.- INFORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL.

En cumprimento da Resolución de 25 de Marzo de 2002 do ICAC infórmase sobre os aspectos contables aplicables no tratamento ambiental de acordo coas disposicións contidas na citada Resolución do ICAC e na Recomendación da Comisión Europea de 30 de Maio de 2001. De acordo co anterior a Xunta Directiva desta federación entende que non existe ningunha partida que deba ser incluída neste apartado de información ambiental por non existir gastos ou activos investidos no exercicio que poidan cualificarse pola súa natureza como ambientais nin se fixo necesario dotar provisións para riscos e gastos relativos a este aspecto.

15.- ACONTECEMENTOS POSTERIORES O PECHE.

Non existe ningún feito posterior ao peche do exercicio social realizado a 31 de decembro que afecten ás contas de forma significativa e que non estea recollida nestas contas anuais.

16.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

Detalle do orzamento do exercicio 2024:

Partidas Orzamentarias	ORZAMENTADO	REALIZADO
Subvencións	49.810,00	50.525,00
Ingresos correntes	140.100,00	122.442,75
Total Ingresos	189.910,00	172.967,75

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

Detalle dos gastos orzados para o exercicio 2024:

Partidas Orzamentarias	ORZAMENTADO
Campionatos Provinciais	5.050,00
Campionato autonómicos: oficiais e tipo open	27.305,00
Campionato Selectivo	5.345,00
Campionatos oficiosos e actividades varias	9.000,00
Campeonatos España	36.225,00
Campionatos de España (Bolsa de viaxe delegados)	14.310,00
Outros gastos deportivos	45.565,00
Administración	47.110,00
Suma gastos campionatos orzados	189.910,00

Gastos, clasificados según a súa natureza, que se fixeron necesarios para a realización dos campionatos orzados e demais gastos de xestión incurridos pola federación:

Gastos realizados	Realizado
Compras	16.746,48
Arrendamiento y cánones	282,01
Reparación y conservación	110,50
Servicios de profesionais independentes	11.522,94
Transportes	0,00
Primas de seguros	13.556,49
Publicidade e Propaganda	2.842,65
Servicios bancarios	156,25
Outros servicios	118.825,57
Outros tributos	496,20
Axudas monetarias	7.550,00
Outros gastos	737,59
Total Gastos realizados	172.826,68

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

Orzamento previsto para o exercicio 2025:

ORZAMENTOS 2025		
TOTAL INGRESOS 2025	187.125,00 €	
TOTAL GASTOS 2025	187.125,00 €	
	INGRESOS	GASTOS
ACTIVIDADES 2025 E AS SÚAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS	187.125,00 €	187.125,00€
<u>SUBVENCIONS E INGRESOS CORRENTES</u>		
Ingresos Cota Federativa	12.000,00 €	
SX para o Deporte 2022	25.000,00 €	
Conselleria Medio Ambiente	30.000,00 €	
Ingresos Tarxetas	80.975,00 €	
Cotas participación Campionatos	30.500,00 €	
Deputación da Coruña	5.250,00 €	
Equipamentos/uniformes campionatos nacionais	3.400,00 €	
TOTAL INGRESOS		187.125,00€
<u>GASTOS</u>		
<u>CAMPIONATOS PROVINCIAIS</u>		
Mar - Costa (2)	300,00 €	
Salmónidos Mosca (4)	600,00 €	
Salmónidos Lance (4)	600,00 €	
Spinning Mar - Costa (2)	300,00 €	
Embarcación Fondeada (3)	3.150,00 €	
GASTOS PARCIAL		4.950,00 €
<u>CAMPIONATOS ATONÓMICOS; OFICIAIS E TIPO OPEN</u>		
Auga Doce	300,00 €	
Spinning Mar Costa	200,00 €	
Corcheo Mar	200,00 €	
Mar- Costa Absoluto e Xuventude	600,00 €	
Mar-Costa Dúos	300,00 €	
Salmónidos Lance Veteranos	200,00 €	
Salmónidos Mosca	1.986,00 €	

D. Manuel Mouzo Méndez
Presidente

D. Ramón Souto Pérez
Tesoureiro



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

Salmónidos Mosca Veteranos	200,00 €
Salmónidos Mosca Lago	200,00 €
Salmónidos Lance Lago	200,00 €
Open Presidente da Xunta de Galicia	10.790,00 €
Salmónidos Lance	3.344,00 €
Mar Costa Veteranos	200,00 €
Salmónidos Lance Dúos	200,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	200,00 €
Embarcación Fondeada Clubs	1.750,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	1.650,00 €
Embarcación Fondeada Absoluto	2.180,00 €
Liga de Clubs Mar - Costa	300,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	395,00 €
Mar Costa dende Rocha	300,00 €
GASTOS PARCIAL	25.695,00 €
<u>CAMPIONATOS SELECTIVOS</u>	
Salmónidos Mosca	1.541,00 €
Salmónidos Lance	1.537,00 €
Spinning Mar Costa	200,00 €
Mar - Costa Absoluto e Autonómico Damas	300,00 €
Embarcación	1.685,50 €
GASTOS PARCIAL	5.263,50 €
<u>ACTIVIDADES VARIAS</u>	
Outras Actividades Xuventude en auga salgada	1.000,00 €
Escolas de Pesca	5.500,00 €
Outras Actividades Xuventude en augas continentais	1.000,00 €
GASTOS PARCIAL	7.500,00 €
<u>CAMPIONATOS ESPAÑA</u>	
Mar - Costa Damas	2.010,00 €
Mar - Costa Dúos	2.375,00 €
Salmónidos Mosca Absoluto	2.000,00 €
Salmónidos Mosca Veteranos	2.130,00 €
Salmónidos Mosca Lago	1.810,00 €
Mar-Costa Corcheo	1.910,00 €
Embarcación Fondeada	1.810,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	2.070,00 €
Spinning Mar - Costa	1.910,00 €

D. Manuel Mouzo Méndez
Presidente

D. Ramón Souto Pérez
Tesoureiro



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

Salmónidos Lance	1.910,00 €
Salmónidos Artificiais	1.825,00 €
Salmónidos Lance Dúos	2.230,00 €
Embarcación fondeada Clubs	2.725,00 €
Embarcación Fondeada Xuventude	2.585,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	2.580,00 €
Auga Doce	2.050,00 €
Mar - Costa Absoluto	2.150,00 €
Mar Costa Veteranos	2.000,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	2.200,00 €
Mar Costa Dende Rocha	1.460,00 €
Liga de Clubs Mar Costa	2.375,00 €
GASTOS PARCIAL	44.115,00 €
<u>CAMPIONATOS ESPAÑA</u> <u>Bolsa de Viaxe delegados</u>	
Salmónidos Lance	500,00 €
Salmónidos Mosca Absoluto	500,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	500,00 €
Mar Costa Dúos	1.630,00 €
Salmónidos Mosca Veteranos	500,00 €
Salmónidos Mosca Lago	500,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	1.050,00 €
Spinning Mar - Costa	1.330,00 €
Salmónidos Lance Dúos	500,00 €
Salmónidos Artificiais	500,00 €
Mar Costa Veteranos	500,00 €
Embarcación Fondeada Xuventude	500,00 €
Mar Costa dende Rocha	500,00 €
Liga de Clubs Mar Costa	1.500,00 €
Auga Doce	500,00 €
Embarcación Fondeada Clubs	500,00 €
Mar Costa Corcheo	500,00 €
Embarcación Fondeada	1.400,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	500,00 €
Mar - Costa Damas	1.200,00 €
Mar-Costa Absoluto	1.200,00 €
GASTOS PARCIAL	16.310,00 €

D. Manuel Mouzo Méndez
Presidente

D. Ramón Souto Pérez
Tesoureiro



MEMORIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

<u>OUTROS GASTOS DEPORTIVOS</u>	
Axudas Deportistas de Alta Competición	5.000,00 €
Axudas Deportistas en Competicións Internacionais	3.000,00 €
Indumentaria Deportiva (polos, camisas, sudaderas)	9.675,00 €
Indemnizacións deportistas desprazamentos competicións nacionais	3.500,00 €
Cebos competicións Mar Costa	8.475,00 €
Aluguer furgonetas	2.840,00 €
Combustible furgonetas	2.100,00 €
Trofeos e gravados Absoluto, damas, veteranos e xuventude	6.500,00 €
GASTOS PARCIAL	41.090,00 €
<u>ADMINISTRACIÓN</u>	
Comisións Bancarias	630,00 €
Xestoría	1.900,00 €
Seguros e Mútuas	12.350,00 €
Páxina Web	900,00 €
Facer tarxetas federativas	510,00 €
Teléfono	960,00 €
Canon española	1.000,00 €
Asembleas xerais	1.000,00 €
Taxas permisos campionatos de mar	390,00 €
Arbitraje/Xuíces	1.000,00 €
Publicidade	1.250,00 €
Funxibles Mar Costa	230,00 €
Funxibles Salmónidos	230,00 €
Funxibles embarcación fondeada	100,00 €
Papelería/ fotocopias	260,00 €
Correos	450,00 €
Mensaxería	85,00 €
Asesoría xurídica e representación	5.000,00 €
Indemnización desprazamentos directivos	10.000,00 €
Reunións Xunta Directiva	450,00 €
Tinta impresoras	76,50 €
Habitacións asistencia directivos a campionatos	200,00 €
Reposición de equipos	730,00 €
Asistencia asemblea española	2.500,00 €
GASTOS PARCIAL	42.201,50 €

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------



17.- ESTADO DE CAMBIOS DE PATRIMONIO NETO.

Dado que, neste exercicio, no houbo ningunha outra partida que se imputara a contas de patrimonio neto diferentes as que proceden da conta de perdas e ganancias, este estado contable de Cambios de Patrimonio Neto, é coincidente co desenrolado no punto 8 de esta memoria económica.

18.- INFORMACIÓN SOBRE OS ADIANTAMENTOS DE PAGOS EFECTUADOS A PROVEEDORES SEGUNDO A DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA (DEBER DE INFORMACIÓN) DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO.

En cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de loita contra a morosidade no pago a provedores, desenvolvido polo ICAC, infórmase das operacións comerciais, cuxo prazo máximo legal de pago é, en cada caso o que corresponde en función da natureza do ben ou servizo recibido pola empresa de acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de Decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e modificado pola Lei 15/2010 de 6 de Xullo.

Pagos realizados e pendentes de pago na data de peche do Balance.

	Ano 2024	Ano 2023
Período medio de pago	2	3

ESTAS CONTAS FORON FORMULADAS POLA XUNTA DIRECTIVA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2025.

Asdo. Presidente

Asdo. Tesoreiro

Manuel Mouzo Méndez

Ramón Souto Pérez

D. Manuel Mouzo Méndez Presidente	D. Ramón Souto Pérez Tesoureiro
--------------------------------------	------------------------------------